

ÉPOCA E SOCIEDADE ONDE XORDE A LÍRICA

A a época arcaica abrangue os séculos VIII-VII-VI a de C.

No ano 800 ten lugar a 2ª colonización, sobre todo das Costas da Península Itálica e Sicilia. Nesta etapa histórica ten lugar o desenvolvemento das poleis. No ano 621 Dracón reforma as leis nun código caracterizado pola súa dureza. No século VI fúndase a colonia de Ampurias pola mesma época na que Solón é elixido *arconte* de Atenas levando a cabo unha nova reforma das leis. No ano 561 Pisístrato convértese en tirano de Atenas.

Nesta etapa da historia prodúcese unha gran transformación en todos os eidos. A sociedade comeza a vivir en poleis, agrupacións autónomas e autárquicas cunha economía xa non só agrícola e gandeira, senón tamén apoiada no comercio e na industria.

As novas fontes de riqueza son as que van propiciar a inestabilidade sociopolítica que vai marcar este período da historia de Grecia. Primeiramente, prodúcense loitas entre as familias máis poderosas co afán de ocupar o baleiro que deixaran as monarquías. De vagar, nace unha burguesía que, xunto cos campesiños que se afunden na miseria, vai esixir uns cambios sociais ante a nobreza aristocrática, que xustificaba a súa supremacía económica e política na súa orixe.

Safo e Alceo

Ademais, a estratexia militar cambia: agora a guerra esixe unha infantería ben armada (hoplitas) e unha mariña potente e numerosa. A burguesía e o campesiñado ocupa estes postos que deixan de ser exclusivos da aristocracia.

A poboación medra e hai un continxente de descontentos: propietarios que perden as súas terras, vencidos en loitas internas... que teñen que exiliarse. Prodúcense as colonizacións, marchas de grupos de persoas cun destino e un xefe posto pola cidade. Cando chegan ao seu destino fundan unha nova cidade unida por lazos á metrópole, mais independente. Colonizan o sur da Península Itálica, as costas do Mar Negro e mesmo as costas da Península Ibérica, levando con eles a civilización grega.

Nesta época aparece a figura do **lexislador** (Dracón, Solón, Licurgo) que para acabar coa arbitrariedade aristocrática formula leis escritas que todos poden coñecer. Ante as deficiencias das novas lexislacións e os descontentos que seguen a manterse, xorde máis tarde a figura do **tirano**, un gobernante “elixido” para calmar os descontentos e que goberna para o pobo, pero sen o pobo. Os tiranos abren camiño á seguinte transformación: a democracia.

Como as cidades son autárquicas, estes cambios non se dan ao mesmo tempo en todas as poleis nin todas acaban cun goberno democrático.

Neste mundo de constantes transformacións e creador de formas novas vai florecer unha poesía diferente da épica. Aínda que bebe das mesmas fontes cá épica, procede da tradicións e ás veces trata os mesmos temas, a poesía lírica caracterízase por non ser anónima, por transformar os temas adaptándoos ás circunstancias presentes e por tratar de influír no seu destinatario.



Safo e Alceo

Trátase de poesía cantada ben por un solista (monódica), ou por un coro, acompañada por un instrumento musical. Dentro da poesía **monódica**, e tendo en conta o contido, tipo de verso e dialecto podemos distinguir:

- ✓ A elegía: en principio, canto de dó. A súa temática é moi diversa: marcial, erótica, política, simposíaca, conmemorativa... Destacan os autores Calino, Tirteo, Solón, Mimnermo e Teognis.

- ✓ O iambo: de contido burlesco e satírico e cunha orixe, parece, nos cultos a Deméter. Arquíloco, Semónides e Hiponacte son coñecidos autores iambógrafos.

- ✓ Poesía mélica: canta sobre todo ao amor, ao viño e ás mulleres. Utiliza distintos tipos de versos e o seu dialecto é case sempre o eolio. Destacan Safo, Alceo e Anacreonte.

A lírica **coral** interpreta himnos, normalmente a deuses, así como cantos dedicados a atletas triunfadores, e cantos de guerra. Entre os poetas corais destacan Píndaro, Alcmán, Íbico e Baquílides.